


Resumo anual de actividade de 2023

Xunta de Goberno:



Presentación

Neste documento queremos recoller a actividade a destacar que desenvolveu a Xunta de Goberno do COPG ao longo deste ano e que fomos adiantando nos distintos soportes de comunicación do COPG.

É preciso lembrar que boa parte deste traballo institucional se fai en estreita colaboración coas Comisións de Ética e Deontoloxía e de Defensa da Profesión, as seccións de Psicoloxía e Saúde, Psicoloxía Educativa, Psicoloxía Xurídica, Psicoloxía da Intervención Social e Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), o Grupo de Tráfico e da Seguridade, as Comisións Intersectoriais de Mediación, Feminista e de Deporte. Trátase dun avance de toda a información que se recollerá puntualmente na Memoria Anual de 2023 do COPG.

A dificultade no acceso á atención psicolóxica nos servizos públicos é unha cuestión que no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia vimos denunciando desde o nacemento desta institución. A infradotación de recursos era moi acusada e, agora, tras case tres anos moi complexos (pandemia da COVID-19, guerra, alza de prezos), pode incrementar o sufrimento na cidadanía, o que nos obriga a incrementar a presión ás administracións públicas, como responsables de garantir os dereitos humanos, incluído o da atención psicolóxica.

Mirando cara á propia profesión, cremos que goza de boa saúde. Continuamos nos números máximos de colexiación, superamos os 3.700 psicólogos e psicólogas colexiadas no COPG. A nosa profesión saíu reforzada da pandemia, non desde unha óptica corporativista, senón de recoñecemento social. Para o COPG, isto é moi importante, porque nos permite afianzar o salto da psicoloxía da sociedade: no ámbito sanitario, educativo, comunitario, xudicial, organizacional... Así que cómpre ver como optimizar e rendibilizar ese capital, as psicólogas e psicólogos, en tres direccións:

- Primeiro, **cara á propia organización colexial**. Como dinamizar a participación, detectar intereses, necesidades, oportunidades..., que fagan máis interesante e atractiva a participación no Colexio.
- Segundo, **cara á propia profesión**. A psicoloxía aplicada está a cambiar coa sociedade e é imprescindible que o Colexio avance tamén con ela. Que formacións necesitamos? Como muda a práctica profesional? Retos como a telepsicoloxía ou a irrupción da intelixencia artificial, novos servizos... En fin, a práctica está tan viva como a sociedade na que estamos. Nada é permanente e como profesionais temos que evolucionar coa sociedade: o Colexio debe ser un motor, un referente neste sentido.
- Terceiro, **cara á sociedade**. A saúde mental preocupa como nunca, pero isto implica tamén riscos importantes.
 - Ten que estar **garantida a accesibilidade á atención psicolóxica**, especialmente para as persoas máis vulnerables. A psicoloxía non pode ser un ben de luxo só para quen pode pagalo.
 - Non podemos permitir a **banalización nin a instrumentalización** da psicoloxía: non estamos para facer soportables as condicións de vida intolerables; hai moitos outros problemas que seguen invisibles e estigmatizados, como o trastorno mental grave.
 - A alta demanda da psicoloxía non pode traducirse nunha baixada dos **estándares de calidade**. Temos que seguir vixiando a boa práctica, o cumprimento do noso Código Ético e Deontolóxico, non caer na práctica irregular da psicoloxía (a de prestar un servizo para o que non contamos con titulación). E por suposto, distinguir o noso traballo, baseado na evidencia científica, do que carece desa fundamentación que tanto dano pode provocar na saúde e benestar das persoas, polo que seguimos loitando contra o intrusismo.

1. Relacións coa Administración Pública

No referente ás relacións coa Administración galega, trasladámoslle a infradotación na dotación de recursos para atender as necesidades de atención psicolóxica que desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia se foi constatando. Esta carestía nos servizos públicos era moi acusada e, tras uns anos moi complexos no que moitas persoas viron como empeoraban as súas condicións de vida e se incrementaba o seu sufrimento. Por iso, a atención psicolóxica na Sanidade, na Educación e nos Servizos Sociais Comunitarios é imprescindible que estea garantida e accesible, cuns tempos razoables. Todo isto foi trasladado aos nosos representantes públicos nos diferentes encontros que mantivemos.

Coa **Consellería de Sanidade**, mantívose unha xuntanza co **Servizo de Saúde Mental do SERGAS**, co obxectivo de presentar as accións a desenvolver ao abeiro do protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil, de cara o desenvolvemento do programa YAM.

Para a vindeira convocatoria de Formación Especializada, en Galicia ofrécense por primeira vez 14 **prazas PIR**, se ben continuamos a demandar que se incrementen, xa que se está perdendo unha oportunidade de capacitación cando estamos a ter dificultade para cubrir a demanda de profesionais.

Ademais, presentáronse suxestións para a elaboración da Estratexia Galega de Saúde 2030, nas que se fixo fincapé na importancia de contemplar as necesidades psicolóxicas e de saúde mental na política sanitaria. E en varias ocasións ao longo deste ano, en encontros co Conselleiro de Sanidade e con outros responsables deste departamento, explicamos as que deben ser prioridades para a Administración Sanitaria:

- A implantación en todo o territorio de Psicoloxía Clínica en **Atención Primaria**,
- A creación de **servizos propios de Psicoloxía Clínica**, ou cando menos, que deixen de ser Servizos de Psiquiatría e pasen a ser Servizos de Saúde Mental.
- A incorporación de **máis profesionais** ás unidades de Saúde Mental, que están saturadas.
- A ampliación das **prazas PIR**.
- O apoio á **especialidade de Psicoloxía Clínica Infanto-Xuvenil**.

No tocante á **Consellería de Educación**, mantivemos unha reunión co Conselleiro na que se lle trasladou a preocupación pola saúde mental e o benestar psicolóxico da poboación infanto-xuvenil, especialmente dos e das adolescentes. Coinciden nesta preocupación, se ben deducimos que non se asume a responsabilidade de a quen corresponde a atención. O resultado é que esta poboación está sen atender. Desde o COPG manifestouse que é inadmisíbel que se deixe a súa atención psicolóxica estritamente ao SERGAS, onde teñen listas de espera para unha primeira consulta dun ano. Problemas que chegan a Sanidade porque non foron atendidos nun momento temperán e no seu propio contexto, e que reciben unha resposta insuficiente, polo que se lles insiste en que a figura apropiada para dar esa atención é a da psicóloga e psicólogo educativo. Ademais, tamén se lle presentaron os resultados da investigación do Proxecto PsiCe.

Unido a isto, presentamos **alegacións ao proxecto de Orde que regula a figura do Coordinador de Benestar en Galicia**. Desde a nosa opinión experta, esta figura ten competencias que só poden ser exercidas por profesionais da psicoloxía, e ignorar isto, deixándoo nunha persoa do corpo docente que sexa sensible ás necesidades emocionais do alumnado, é crear máis cargos na estrutura do centro, e máis cargas para o profesorado, pero ineficaz. As alegacións do Colexio non foron admitidas, pero continuaremos insistindo neste asunto alá onde poidamos.

Unha destas accións foi a Xornada “Psicoloxía na escola xa!”, que se promoveu dende a Sección de Psicoloxía Educativa para visibilizar a necesidade e a solución que supón a psicoloxía educativa.

Coa **Vicepresidencia Primeira da Xunta de Galicia** mantemos relación a través da **Dirección Xeral de Emerxencias** e Interior renovamos o convenio para o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, o GIPCE.

Ademais, asinamos dous novos convenios con esta Administración. Un convenio recolle a colaboración na emisión de informes periciais psicolóxicos, como apoio puntual para desfacer a saturación nas diferentes sedes do IMELGA; mentres que o segundo trátase dun programa para a atención psicolóxica a Deportistas Galegos de Alto Nivel (DGAN), que inclúe atención de tipo sanitaria e tamén de psicoloxía deportiva. Desde o COPG colaboramos tamén a través da **Secretaría Xeral de Deporte da Xunta de Galicia**, onde o Colexio forma parte da Comisión Galega de Control da Violencia.

Coa **Consellería de Emprego e Igualdade**, a través da **Secretaría Xeral de Igualdade** renovamos un ano máis os convenios para os programas de atención psicolóxica especializada en violencia de xénero: o Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX) e do Programa "Abramos o Círculo".

Neste ano tivemos que solicitar unha addenda porque no verán esgotouse o crédito previsto para as intervencións, dado que se produciu un importante incremento na demanda do Programa de Atención á Vítimas.

Tamén se asinou de novo o convenio para o servizo da Quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para a intervención en violencia de xénero, á petición dos corpos e forzas de seguridade, que constitúe un importante recurso e que estamos optimizando o seu funcionamento para adaptalo mellor ás demandas que recibimos.

E nesta mesma Administración, o COPG continúa a integrar o Observatorio Galego da Violencia de Xénero. Así mesmo, mantense en vigor o convenio de colaboración co **Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)**, da Consellería de Emprego e Igualdade.

Coa **Consellería de Política Social** continúaase participando a través do Consello Galego do Benestar Social da Xunta de Galicia.

Finalmente, mantívose unha reunión coa **Subdelegada do Goberno da Coruña**, para ver posibilidades de colaboración entre ambas as institucións, especialmente no relativo á igualdade de xénero.

A **nivel municipal**, con motivo da convocatoria electoral do mes de maio, elaboramos unha carta para as distintas candidaturas, argumentando a necesidade de incorporar aos seus programas electorais a psicoloxía, como profesión de grande utilidade na administración máis próxima á cidadanía.

Mantívose unha xuntanza co presidente da **Federación Galega de Municipios e Provincias**, a FEGAMP, para trasladarlle a importancia de contar con psicólogos e psicólogas nos servizos sociais comunitarios, así como reclamarlle o apoio para que demanden a incorporación da psicoloxía educativa nos centros de ensino.

No marco do convenio de colaboración coa FEGAMP por oitavo ano e con motivo do 25 de novembro lanzamos o cartaz co "Decálogo de Concellos #PoloBoTrato" que se distribuíu en todos os concellos galegos así como nas catro deputacións, cunha serie de recomendacións para fomentar o bo trato no ámbito da igualdade de xénero.

Co **Concello de Santiago de Compostela** colaboramos en distintos eidos:


- No Consello Municipal da Saúde
- Tamén participamos no Plan de Mobilidade Urbana Sostible.

Co **Concello da Coruña** colabórase en dous consellos municipais:

- O Consello Sectorial de Inclusión Social.
- O Consello Local da Saúde.

No **Concello de Monforte** formamos parte do Consello de Saúde.

Neste 2023, a Xunta de Goberno continuou coa **campaña de reunións nos concellos**, para visibilizar a necesidade de garantir a atención psicolóxica á súa comunidade, tanto no eido municipal como para que a reclamen á Administración autonómica, como a que mantivemos coas alcaldías do Concello de Corcubión (A Coruña) e de Allariz (Ourense).



2. Relacións con outras entidades

2.1. O COPG e Consejo General de la Psicología

- Asistencia ás distintas reunións de **Junta de Gobierno** e de **Junta General** do Consejo General de la Psicología.
- Participación nas distintas **áreas** e **divisións** a través das persoas representantes.
- Constitución de **comisións de valoración** para as **acreditacións profesionais** que expide o Consejo General de la Psicología.

2.2. Colaboramos con **outros colexios profesionais**. Continuamos coa colaboración iniciada o ano pasado co Colexio de Licenciados de Educación Física, con quen celebramos unha nova xornada interprofesional.

2.3. Formamos parte de **Unión Profesional de Galicia**, que agrupa 40 colexios e representa a máis de 65.000 profesionais. Desde 2016 a decana exerce a vicepresidencia da súa xunta directiva.

Como cada ano, elaborou unha guía de peritos que se distribúe en todos os xulgados galegos, na que tamén se inclúe os psicólogos e psicólogas que forman parte da listaxe de periciais do COPG, así como os mediadores e mediadoras do Rexistro de Mediación do COPG.

Unión Profesional de Galicia convoca os Premios a profesionais colexiados pola súa excelencia na práctica e en recoñecemento á súa traxectoria, que nesta edición recaeu no colexiado Antonio Rial Boubeta.

2.4. Mantemos tamén a colaboración coa **Universidade de Santiago de Compostela**, máis estreitamente coa **Facultade de Psicoloxía**.

Un ano máis, a Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG impartiu o Módulo de Ética e Deontoloxía para o alumnado de Practicum de 4º curso de Grao de Psicoloxía no marco dun convenio asinado polo COPG coa Facultade de Psicoloxía da USC. Ademais, estamos colaborando con distintas

formacións dos másters, tanto o de Psicoloxía Xeral Sanitaria, como o de Psicoloxía, na especialidade de Intervención Social e Comunitaria.

2.5. Coa **Universidade de Vigo** vimos de asinar un convenio para soste un servizo de apoio psicolóxico ao alumnado desta universidade, coa finalidade de que aqueles estudantes que teñan problemas que afecten ao seu rendemento académico ou á súa integración social na comunidade universitaria poidan recibir apoio psicolóxico para poder integrarse facilmente no ámbito académico.

2.6. Formamos parte do **Movemento Galego da Saúde Mental**, unha plataforma respaldada por máis de 400 entidades, profesionais e usuarios e usuarias da Saúde Mental.

2.7. Tamén colaboramos con outras entidades:

- Coa **Asociación de Empresas das Artes Escénicas** asinamos un convenio de colaboración, para colaborar no marco «Protocolo para a prevención e actuación en casos de acoso sexual por razón de sexo ou xénero nas artes escénicas»;
- Formamos parte da plataforma **SOS Sanidade Pública**, e estamos a participar activamente nas súas actividades para defender unha mellor atención á saúde, incluída a saúde mental, xunto con outros colectivos profesionais.
- Continuamos coa colaboración coa **Confederación de Empresarios da Coruña e de Lugo** a través de senllos convenios de colaboración.
- Coa **Asociación de Psicológos Clínicos do SERGAS**, con quen colaboramos estreitamente na reivindicación de melloras na atención á saúde mental no Servizo Galego de Saúde.
- Mantemos convenios de colaboración coa **Fundación Meniños**, coa **Federación Galega de Dano Cerebral**, **FEGADACE** e coa **Asociación Galega de Terapia Familiar**.

En canto á **Comisión para a Defensa da Profesión**, no que vai de ano iniciáronse 12 expedientes por intrusismo profesional. Estes expedientes deron lugar a actuacións coas propias persoas denunciadas, ou tamén a través das administracións públicas, como o IMELGA ou ante a Inspección Sanitaria.

3. Actividade colexial

Tempo da Psicoloxía

Dentro da actividade colexial, cómpre sinalar que entre os días 28 de febreiro e 2 de marzo tivo lugar a quinta edición de Tempo da Psicoloxía, organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. O tema central desta edición foi “Unha ollada sobre as migracións”.

Tempo da Psicoloxía pretende ser un foro de reflexión, de carácter divulgativo, no que a psicoloxía, como profesión e como disciplina científica, dialogan con outros axentes sociais sobre temas de interese para a cidadanía. Nesta edición, que como o seu título indica xirou arredor da realidade migratoria onde podemos coñecer un pouco máis do proceso que experimentan as persoas migrantes que se ven forzadas a abandonar o seu país na procura dun futuro.

Proxecto PsiCE

Cómpre sinalar que este ano rematouse a segunda fase do Proxecto PsiCE, de Prevención dos problemas emocionais no contexto educativo: eficacia do protocolo unificado para o tratamento transdiagnóstico para adolescentes, que desenvolveu o COPG e organizado polo Consejo General de la Psicología.

Foille exposto á Consellería de Educación, a quen se lle trasladou o papel da psicoloxía educativa nos centros de ensino, e a necesidade de apostar por esta figura profesional, ante as máis diversas problemáticas que presentan os centros: desde os problemas psicolóxicos e emocionais, a temas de convivencia, educación afectivo-sexual, acoso escolar, trastornos na aprendizaxe ou situacións excepcionais, como pode ser un evento

crítico ou a nova necesidade que xurdiu o ano pasado, de integración de moitos nenos e nenas procedentes de Ucraína.

Achegas de Psicoloxía

Celebramos no formato habitual o encontro Achegas da Psicoloxía, no Castelo de Soutomaior, no que fixemos entrega do premio Dolores Llópiz, Psicoloxía e Sociedade, que nesta ocasión foi outorgado á **PLATAFORMA DE ORGANIZACIÓNS DE INFANCIA GALICIA**. Tamén se lle fixo entrega da distinción como Colexiada de Honra a **M^a Teresa Hermida**, e o recoñecemento aos colexiados e colexiadas que levan 25 anos no COPG.

Ademais, fíxose entrega dos primeiros **recoñecementos colexiais** cos que se pretende distinguir aqueles compañeiros e compañeiras polas súas achegas ao desenvolvemento do noso Colexio.

Tamén se fixo entrega dos **II Premios Xoán Vicente Viqueira de Comunicación**, do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que naceu coa intención de impulsar a psicoloxía na sociedade fronte a pseudoterapias e pseudociencias.

Formación

No programa de formación do COPG, consolidouse a formación online, se ben procuramos manter ambas as modalidades de formación, porque temos claro que non pode substituír por completo a formación presencial. Tamén celebramos a boa acollida do Ciclo de Experiencias Compartidas, Falamos, polo cal se ofrece cada primeiro xoves de mes un webinar impartido por unha persoa colexiada no que presenta algún tipo de comunicación, un libro, caso clínico, programa, etc.

4. Alegacións e achegas

Presentáronse alegacións a convocatorias de prazas nos concellos de Covelo, Carballedo, A Guarda, As Neves, Oleiros, Betanzos, Grove, Sada, Valdoviño, Poio, Burela e Meaño.

Así mesmo, presentáronse alegacións e achegas á Xunta de Galicia, á Consellería de Facenda e Administración Pública (Función Pública), á Consellería de Sanidade (Dirección Xeral de Recursos Humanos do SERGAS, Xerencia do SERGAS), á Consellería de Educación, á Asociación Galega de Artes Escénicas, ao Concello de Santiago de Compostela e ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital. En canto a **comunicados e manifestos**, en 2023 difundimos:

- Día Internacional de toma de conciencia do abuso e do maltrato na velez.
- Día Internacional da Muller.
- Día Mundial para a Prevención do Acoso Escolar
- Día da Diversidade Sexual
- Día Mundial para a Prevención do Suicidio
- Día Mundial da Saúde Mental
- Día das Vítimas de accidentes de Tráfico
- Día Internacional pola Erradicación da Violencia contra a Muller.
- Notas de prensa de condena dos asasinatos por violencia de xénero.
- Nota de prensa de condena da masacre da poboación civil en Palestina.



5. Outra información

Reformas da sede

Acometeuse unha importante reforma na nosa sede, xa rematada, pendente de incorporar o mobiliario para os novos usos. Como cambios máis relevantes, colocouse un chan de tarima en todo o local e cambiáronse todas as fiestras, o que xa se notou en materia de consumo enerxético. Ademais, substituíronse dous tabiques por cristal para paliar a falta de luz natural.

Queda como resultado un salón de actos, cunha sala anexa, e contaremos cunha nova sala polivalente para xuntanzas, pequenas formacións etc. Deste xeito, gáñase espazo para que se poidan acoller máis actividades na propia sede colexial, con mobiliario flexible que permita xogar coa configuración dos espazos en función das necesidades.

Sede electrónica

A sede electrónica do COPG, a nosa Administración en liña cada vez ten máis uso. Unha sede con todas as garantías legais que permite realizar unha cantidade importante de trámites sen ter que desprazarse ao Colexio: altas, baixas, participación en procedementos, solicitudes, inscrición en actividades etc.

Tamén continuamos emitindo certificados dixitais con atribución profesional de psicólogo/a.

Estado da colexiación

A día de hoxe somos 3.713 colexiados e colexiadas, dos que 3 son asociados e asociadas e 59 xubilados e xubiladas.

Circular Informativa

Co obxectivo de mellorar a comunicación tanto cos nosos colexiados e colexiadas como coa sociedade, a Circular Informativa é unha publicación dixital 100%, moito máis dinámica e áxil, e mensualmente envíase un boletín por correo electrónico.

Lema

O lema aprobado en Xunta de Goberno para 2024 é “O COPG, pola saúde mental e os dereitos humanos”. É difícil, imposible, concibir a defensa dos Dereitos Humanos sen ter en conta a saúde mental, así que a intención é visibilizar que contemplar a saúde mental é imprescindible en calquera cuestión que afecte aos dereitos humanos.

